Andaina

MOECHE CONCELLO

Boletín periódico informativo

Nº. 19 decembro-xaneiro 18 https://moeche.gal/

Concello de Moeche. Rúa da Feira 32. San Xoán 15563 Moeche. A Coruña • Telf: 981 404 006 • correo@moeche.gal

Desenvolvemento Local

1º Aniversario do Mercado de Moeche

Hai exactamente un ano que abría as súas portas o mercado semanal dos sábados na antiga nave dos tecidos de San Ramón, un espazo totalmente renovado e equipado para acoller eventos comerciais e tamén culturais. Neste tempo o mercado foi consolidándose pouco a pouco como un espazo onde atopar produtos agroalimentarios frescos e elaborados -horta, froita, queixos, marmeladas, etc-, pan, peixe, artesanía, flor e outros artigos. Todo o necesario, en definitiva, para encher e decorar as mesas por estas datas ou en calquera outro momento do ano.

Nesta edición de primeiro aniversario, o Mercado de Moeche ofrece unha entretida programación paralela:

un **Obradoiro de fabricación de candeas de Nadal e Aninovo** -dirixido por persoal da Casa do Mel de Goente-, outro de **Elaboración de galletas artesás**, da man da nosa veciña Eva Quetti, e unha actividade de **Iniciación á cestaría para a rapazada** en colaboración coa asociación Val de Moeche. A participación nos obradoiros é gratuíta e as inscricións deberán facerse no propio recinto.

Ademais, antes do remate do mercado sortearanse varios agasallos entre as persoas que fixesen algunha compra ao longo da mañá. Ah, e nun dos recunchos poderase admirar o grande e detallado Nacemento que decora o espazo durante este tempo de Nadal e Reis ademais un carteiro Real para recollervos a carta aos Reis Magos.

Data: sábado 29 de decembro – **Horario:** de 10 a 14.00h. – **Lugar:** nave do mercado

A visita dos Reis Magos pechará a programación do Nadal

O Concello preparou para o Nadal unha completa programación de lecer que comezou o pasado día 21 na biblioteca coa Trastenda dos contos e a súa sesión "Que medo!!", continuando ao día seguinte -sábado 22- coas panxoliñas de aguinaldo cantadas pola cativería nas rúas e no mercado de San Ramón. Ademais, na última semana do ano tamén temos tres días de Deporte Interxeracional con propostas para nenas e nenos na compaña dalgún familiar, así como as actividades incluídas no aniversario do Mercado de Moeche.

Porén, un dos días máis máxicos e máis agardados por pequenos e grandes é o da chegada dos Reis Magos de Oriente. Este ano imos recibilos dous días antes que nos demais sitios, aseguran-

do desta maneira que boten máis tempo con nós para anotar sen présa o que lles teñamos que pedir ou para entregarlles a carta en man, se é que aínda non a botáramos no correo.

Melchor, Gaspar e Baltasar visitarán a nave do mercado o xoves 3 de xaneiro pola tarde -a iso das 18.30 ou 19.00h.- e **o Concello e maila ANPA do colexio** téñenlles preparada unha grande festa de benvida con inchables, a música e a animación de La GuaGua e, como remate da tarde, un saboroso chocolate con churros.

Data: xoves 3 de xaneiro – **Hora:** a partir das 17.00h. – **Lugar:** nave do mercado

Xa somos "Concello Amigo da Infancia"

Moeche recibiu o pasado 27 de novembro en Oviedo o título que o acredita como municipio comprometido coa participación da rapazada e da mocidade na vida pública e na toma de decisións importantes para todo o territorio. Desde este ano o noso Concello entra formar parte das Cidades Amigas da Infancia, **un recoñecemento da UNICEF do que só dispoñen 274 entidades locais das máis de 8.000 que hai en todo o Estado**.

Este logro é froito de dous anos de traballo por parte de persoal técnico municipal e representantes políticos en colaboración cos propios nenos e nenas, coa ANPA e co profesorado do CEIP San Ramón. Pero, antes de alcanzar o distintivo, foi necesario artellar os órganos de representación que lle dán voz á xente nova tanto nos asuntos que lles afectan como colectivo como en calquera outro que sexa do seu interese.

De feito, os doce nenos e nenas do **Grupo de Participación Infantil** -integrado no Consello Local da Infancia e a Adolescencia- levan xa tempo traballando man con man co Goberno local para asesoralo en cuestións tan importantes como o modelo de xogos que se vai instalar nestes días no patio da escola, as cores que levará o peche do centro ou incluso a elección dun nome para a rúa principal de San Ramón, que segundo a súa proposta pasará a denominarse **Rúa 23 de abril**. Ademais, o grupo -que se reúne unha vez ao mes- tamén elixiu o deseño dun logo representativo do CLIA e achegou varias ideas para a programación cultural do ano 2019.

Obras e Servizos

O Concello xestionará máis de 200.000 € do POS+ da Deputación

Sumaráselle o Plan Adicional con obras por uns 96.000 €

O Concello aprobou recentemente en pleno os investimentos que se prevén facer no ano que entra con gargo ao Plan Único de Concellos da Deputación da Coruña, coñecido como POS+. A Moeche asignóuselle unha partida total de 291.000 euros para destinalos a investimentos e gasto corrente, da que cómpre detraer algo máis de 90.000 en concepto de préstamo ao que o Concello non se acollerá. Polo tanto, o volume económico total

ascende a 204.680 euros -preto de 4.000 poraos o propio consistorio-, aos que cómpre engadirlles a previsión de investir en obras outros 96.134 na medida en que o ente provincial xere novas partidas económicas ao longo de 2019.

En calquera caso, o realmente importante é saber como se van investir estes cartos. Con eles atenderanse gastos de funcionamento do Concello e levarase a cabo un macroproxecto cifrado en 73.238,19 euros -case 4.000 poraos a Administración local- que prevé por unha banda aglomerar máis de 5.000 metros cadrados do recinto feiral de San Ramón e, pola outra, renovar o firme do camiño das Pedreiras -entre a estrada de Ortigueira e o límite con San Sadurniño-, aproveitando para reparar o saneamento e maila beirarrúa existente na zona.

Dentro do "Plan complementario" -eses 96.134 euros que seguramente achegue a Deputación- programáronse tres proxectos, todos eles relacionados en maior ou menor medida coa conservación e a seguridade viaria: 31.929 euros para pavimentar os camiños das Filgueiras e Libureiro-A Casanova, outros 33.568 para reparar o camiño da Ribeira e da estrada de San Xiao e, por último, 30.636 euros cos que o Concello quere instalar marquesiñas e cerramentos para os colectores do lixo en Balocos, Abade, Castelo, Santa Cruz, A Casanova, Vilapedre e outros lugares.

A antiga nave dos queixos converterase nun Centro de Transformación Alimentaria

Moeche, San Sadurniño, Cerdido e Valdoviño acaban de comprometerse para poñer en marcha un centro de transformación de produtos alimentarios na antiga nave dos queixos do recinto feiral de San Ramón. O proxecto de ámbito comarcal busca facilitarlle á pequena produción un espazo con todo o equipamento necesario para a conservación e envasado de produtos de horta, froita, zumes e mesmo mel.

A iniciativa ten un custe estimado próximo aos 200.000 euros entre a maquinaria e as obras de remodelación da nave, que conta cuns 200 metros de superficie totalmente diáfana. O futuro centro estará dividido en tres partes perfectamente equipadas: unha para elaboración de conservas de horta e froita, outro para o prensado e embotellado de zumes e unha terceira para a extracción e envasado de mel.

Na práctica será unha pequena planta de transformación de alimentos dotada de todo o necesario para garantir a calidade do produto final e unha absoluta seguridade alimentaria. A intención dos concellos promotores é abrir o centro a particulares e tamén a pequenas explotacións que queiran darlle saída -e un maior valor- aos seus excedentes.

Para levar a cabo a idea xa se solicitou a axuda do programa europeo LEADER xestionado polo grupo Seitura 22, co que se agarda cubrir ata un 80% do investimento necesario. Os concellos tamén acudirán a outras institucións públicas e privadas para completar o 20% restante.

A Deputación executará o proxecto de mellora viaria entre a Casabranca e a estrada das Somozas

Hai máis dun ano que **o Concello de Moeche se dirixiu á Deputación da Coruña para solicitarlle formalmente a transferencia da DP 4901** que cruza todo o núcleo de San Ramón ata conectar coa estrada das Somozas. Unha solicitude que estaba condicionada a que, previamente, se acometesen obras de mellora tanto no firme como na seguridade peonil do tramo comprendido entre a Casabranca e o cruzamento coa DP-4904, situado un pouco máis adiante do campo de fútbol municipal. De feito, o Concello mesmo se encargou de contratar e entregarlle ao organismo supramunicipal o proxecto técnico das obras que, finalmente, foron aprobadas polo pleno da Deputación cun investimento superior aos 265.000 €.

Os traballos arrancarán xusto onde rematan as beirarrúas de San Ramón, a escasos metros do establecemento de Pensos Pazo e desde alí proseguirán ata o "stop" da outra vía provincial, a DP 4904, que une Balocos coas Somozas. O proxecto deseñado polo Concello marca o aglomerado de todo o tramo e tamén dárlle máis ancho, que pasará dos 4,2 aos 6 metros.

A estrada levará, ademais, unha senda pola marxe esquerda feita con cemento tintado na que antes se soterrarán as canalizacións de pluviais e se preparará para ampliar os puntos de luz pública.

Adxudicado o contrato da limpeza das instalacións municipais

A Mesa de Contratación do Concello de Moeche resolveu hai escasos días o procedemento convocado para contratar o servizo de limpeza dos edificios de titulariedade municipal. Na licitación xulgáronse segundo criterios técnicos un total de tres propostas, entre as que obtivo a maior puntuación a da firma **Limpiezas La Unión cun prezo de 26.266 € anuais**. A empresa encargarase de manter en perfecta orde de revista os edificios públicos durante o próximo ano, con posibilidade de ampliar o acordo por outros dous máis.

O contrato establece a obriga de limpar con distintas frecuencias a Casa do Concello, o CEIP San Ramón, o pavillón municipal, a antiga biblioteca, os local social de Abade, o Centro Cultural Francisco Piñeiro, o castelo, parte das instalacións feirais de San Ramón e a nave do mercado. Ademais de asegurar a hixiene para o uso diario de todas estas instalacións, o acordo tamén recolle actuacións de limpeza xeral en distintas épocas do ano e, no caso do castelo, o reforzo do servizo nos momentos de maior afluencia de visitantes.

impreso en papel 100% reciclado

Benestar Social

Xa se pode solicitar o programa Xantar na Casa

Moeche pon en marcha o programa Xantar na Casa, dirixido a persoas maiores, dependentes ou con escasos recursos. Quen se acolla ao programa recibirá no seu domicilio sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana. Cada menú inclúe primeiro prato, segundo prato e sobremesa. Son completos e equilibrados, variados e adaptables ás necesidades das persoas usuarias, aos seus gustos e hábitos así como á gastronomía local e á época do ano.

Para entrar no programa hai que cumprir algún dos seguintes requisitos xerais:

- Ter máis de 60 anos, atoparse con limitacións en canto á autonomía persoal e non dispor dunha rede de apoio que poida suplir esa situación.

- Ser unha persoa dependente e non contar con apoio familiar, requirindo ademais axuda para a preparación de alimentos.
- Ter menos de 60 anos e máis de 18 e atoparse en situación de exclusión social avaliada polos servizos sociais do Concello e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver as circunstancias de exclusión.

O prezo total do menú do Xantar na Casa é de 6,27€, dos que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar cobre o 50%, outro 25% pagarao o Concello e o 25% restante correrá por conta da persoa usuaria do servizo. É dicir, quen se acolla ao programa só terá que pagar 1,57€ diarios por un primeiro prato, segundo prato e sobremesa, o que veñen sendo algo máis de 47€ polos xantares de todo o mes.

As solicitudes poden facerse no departamento de Benestar Social do Concello en calquera momento a partir de agora. Os informes favorables remitiránselle ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Este organismo será en último caso quen concederá ou non o servizo en función da súa capacidade orzamentaria.

Pódese obter máis información chamando ao Concello -981 404 006- ou pasando pola oficina de Benestar Social, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas. Neste servizo tamén nos axudarán a preparar toda a documentación.

Deduccións no canon da auga para familias numerosas ou en risco de exclusión

As familias numerosas ou que se encontren nunha situación de risco de exclusión social poden beneficiarse de importantes rebaixas no canon da auga. No caso de familias numerosas o desconto será do 50%, mentres que para as cualificadas en risco de exclusión se trataría dunha exención total do pagamento. Velaí as condicións e requisitos en ambos supostos:

Para solicitar a dedución a persoa que figure como titular no título de **familia numerosa** deberá presentar o modelo de solicitude, debendo cumprir os seguintes requisitos:

- O enderezo para o que se solicita a dedución debe coincidir co enderezo en que se atopa empadroada a unidade familiar.
- A persoa titular do contrato de subministro de auga deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, a persoa solicitante deberá acreditar que ten domiciliado o pagamento da factura-recibo de auga en algunha conta bancaria da que sexa titular.
- A dedución na cota por familia numerosa só poderá obterse na vivenda principal, sen que poida ser concedida nas restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.
- A dedución terá efectos a partir do primeiro día natural do terceiro mes seguinte á presentación completa da solicitude.

As unidades de convivencia independentes que acrediten estar en situación de exclusión social poderán solicitar a exención total no canon da auga. Enténdese por unidade de convivencia independente a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre elas un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

O enderezo para o que se solicita a bonificación debe coincidir co enderezo en que se atopa empadroada a unidade de convivencia.

Para máis información pódese acudir ao departamento de Benestar Social do Concello - 981 404 006, ext.1- ou ben consultar con Augas de Galicia no 981 544 968.

Festivos locais de 2019

Aproveitamos este último boletín do 2018 para informarvos que o Pleno aprobou en outubro os festivos locais do ano que entra. Quedaron fixados o día **5 de marzo** -Martes de Entroido- e o **23 de abril**, día de San Xurxo que en 2019 cadra xusto ao día seguinte do Luns de Pascua co que remata a Semana Santa.

O Andaina, soporte tamén para autónomos e empresas de recente creación

O boletín Andaina ten como principal cometido dar conta de información do Concello, como poden ser prazos que rematan, axudas, proxectos e calquera actuación da Administración local. Tamén está aberto á información do tecido asociativo, que atopa nestas páxinas un soporte ideal para comunicar a súa programación.

Agora o boletín dá un paso máis ofrecéndolle espazo a aquelas iniciativas comerciais que boten a andar en Moeche. Unha delas é a **reapertura do comercio de Leandro Parga** -coñecido por todas e todos unicamente como "O comercio"- despois do seu peche hai algúns meses. É un dos establecementos con máis tradición do noso municipio, que volve funcionar baixo o nome de "Lidia" e cunha oferta de xénero variada coma sempre: artigos de mercería, roupa infantil, roupa de cama, manteis, toallas e todo que precisemos en tecidos.

Calquera novo negocio que empece en Moeche pode publicitalo no Andaina. Abonda con que nos envíe unha foto e unha breve descrición dos servizos que ofrece a correo@moeche.gal

ITV de ciclomotores en San Ramón

Unha unidade móbil da Inspección Técnica de Vehículos estará situada durante toda a xornada no recinto feiral de San Ramón -na nave do gando- para pasarlles a revisión a ciclomotores de dúas e tres rodas. É necesario reservar cita a través da web **www.sycitv.com** ou chamando ao teléfono 902 309 000. O horario de atención é o seguinte: **de 9.00 a 13.30h.** e **de 15.15 a 18.00h**.

Fai falla levar a documentación e o recibo do seguro e, ademais, tamén se aconsella mirar antes que os freos funcionen ben, que as rodas estean en bo estado e que traballen todas as luces e mailo claxon. Así teremos maior seguridade á hora de circular, e tamén máis posibilidades de que o ciclomotor supere a inspección á primeira.

Cómpre lembrar que os cuadriciclos -os "coches sen carné"- non poderán pasar aquí a revisión, senón que deberán facelo nunha estación fixa, igual que un turismo.

Data: 10 de xaneiro – **Hora:** 09:00 - 18:00 – **Lugar:** recinto feiral

impreso en papel 100% reciclado

Actividades entidades municipais

A. VV. Val de Moeche

A asociación veciñal celebrará a súa Asemblea Xeral para dar conta a socios e socias da súa actividade, das contas e da programación do 2019. Ao remate chocolate con churros coa música dos nosos veciños do Val

Data: 19 de xaneiro – **Hora:** 16.30h, en 1ª convocatoria; 17.00h, en 2ª convocatoria.

Exposición de traxes de Entroido

A partir do 16 de febreiro ata o 2 de marzo, no local social do Pereiro, exposición de traxes de entroido. Poderá visitarse os sábados e domingos de 16:00 á 19:00.

A.C. Irmandiños

A entidade organizadora do Festival Irmandiño dará conta a socios e socias da súa actividade, das contas e das previsións para o 2019. Agardan vervos alí a tod@s sexades ou non soci@s!! ***Animádevos a unirvos ao Festival Irmandiño. LUMEEE!!***

Data: 12 de xaneiro – **Hora:** 16.30h. en 1ª convocatoria; 17.00h en 2ª convocatoria.